


Grupo C outubro 24- xaneiro 25

BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL ROSALÍA DE CASTRO.

SANTA CRUZ



MONOGRÁFICO DE IDENTIDADE E ESPAZOS: OTRAS FORMAS DE AMAR.

A literatura é un discurso privilexiado á hora de ler, pensar e entender a identidade. A propia, a allea, a construción subxectiva dos mundos que a cada un representan e se presentan como verdadeiros, posibles, ou reais.

LIBRO 1: LA NIETA DEL SEÑOR LINH, de Philippe Claudel. 22/10/2024

Unha fría mañá de novembro, tras unha penosa viaxe en barco, un ancián desembarca nun país que podería ser Francia, onde non coñece a ninguén e cuxa lingua ignora. O señor Linh foxe dunha guerra que acabou coa súa familia e esnaquizou a súa aldea. A guerra rouboulle todo menos á súa neta, un bebé chamado Sang Diu, que no seu idioma significa «Mañá doce», unha nena tranquila que dorme sempre que o avó tararee a súa nana, a melodía que cantaron durante xeracións as mulleres da familia.

LIBRO 2: A ESMORGA, de Blanco Amor. 19/11/2024

A esmorga é a obra máis popular e lida de Eduardo Blanco Amor. Tivo que publicarse por vez primeira en Bos Aires ante a negativa da censura franquista a permitir que circulasen libremente as traxicómicas peripecias do Cibrán, o Bocas e o Milhomes nunha noite de bebedela polos arredores de Auria, a cidade literaria coa que Blanco Amor reelaborou desde a distancia o seu Ourense natal.

LIBRO 3: TODO CUANTO AMÉ, de Siri Hustvedt. 17/12/2024

A novela emblemática de Siri Hustvedt, o seu fito literario. Unha brillante historia que combina a intimidade dunha saga familiar co suspense dun thriller, e que nos fala da arte, o amor, a perda e a traizón.

LIBRO 4: UN VIEJO QUE LEÍA NOVELAS DE AMOR, de Luis Sepúlveda.
21/01/2025

Antonio José Bolívar Proaño vive en El Idilio, unha localidade remota na rexión amazónica dos indios shuar (mal chamados xíbaros). Con eles aprendeu a coñecer a Selva e as súas leis, a respectar os animais e aos indíxenas que a poboan, pero tamén a cazar o temible tigrillo como ningún branco xamais puido facelo. Un bo día decidiu ler con paixón as novelas de amor -«do verdadeiro, do que fai sufrir»- que dúas veces ao ano lle leva o dentista Rubicundo Loachamín para distraer as solitarias noites ecuatoriais da súa incipiente vellez.

BIBLIOTECAS PÚBLICAS MUNICIPAIS DO CONCELLO
DE OLEIROS/TERTULIAS LITERARIAS DE
OUTUBRO 24 - XANEIRO 25

/ BIBLIOTECA P. MUNICIPAL
ROSALÍA DE CASTRO. SANTA
CRUZ.

GRUPO C